

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario Mixto, a través da súa deputada, Carmen Iglesias Sueiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda de substitución á Proposición non de lei do G. P. do PP 34774 (09/PNP-002553)**, incluída na orde do día do **Pleno** do vindeiro día 28 de abril sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para posibilitar, desde o respecto á autonomía dos centros educativos, a progresiva implantación do xadrez con carácter transversal e específico nos currículos de educación primaria e ESO.

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN:

Debe substituírse a parte resolutiva da proposición polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1º.- Adoptar as medidas necesarias para afondar na presenza do xadrez nas escolas mediante o fomento de proxectos de innovación educativa contando co asesoramento de entidades, escolas de xadrez (homologadas e pertencentes a clubs deportivos dados de alta no rexistro de entidades deportivas da Xunta de Galicia) ou persoas e profesionais en activo, de recoñecido prestixio, que teñan colaborado coa Federación Galega en concentracións e cursos, ou teñan impartido cursos pertencentes ao programas XOGADE da Secretaría Xeral para o deporte, dentro das xornadas “Lúdicas” de achegamento do xadrez aos centros educativos, nos últimos anos.
- 2º.- Impulsar a formación do profesorado a través de cursos homologados pola Federación de Xadrez e das Delegacións Provinciais de Educación e dos **CEFORE** (Centros de Formación e

Recursos) de Galiza, en estreita colaboracións cos clubs e escolas de xadrez de cada ámbito territorial. **Sen a capacitación suficiente demostrable a través da obtención deste curso homologado non poderán ser impartir as aulas específicas de xadrez.**

- 3º .- Desenvolver os recursos e metodoloxías que permitan, desde o respecto á autonomía dos centros educativos, a progresiva implantación desta disciplina con carácter transversal ou específico nos currículos de Primaria e ESO en atención aos proxectos educativos dos centros, cunha programación e estrutura definida e un número elevado de mestres e pedagogos cun amplo coñecemento e experiencia no ensino do deporte-ciencia do xadrez.
- 4º .- Implicar, coordinar e aproveitar, nos procesos anteriores, a experiencia das Federación de Xadrez, Escolas de Xadrez e profesionais autónomos do ensino desta materia de ampla e demostrable traxectoria profesional que veñen desenvolvendo proxectos no ámbito deportivo, educativo e de carácter extraescolar no ensino.

Pazo do Parlamento a domingo, 03 de maio de 2015

Asdo.: Carmen Iglesias Sueiro

Deputada do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

